

Corrección de erros da Instrución 1/2025 da Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, sobre elaboración, cobertura, tramitación, custodia e modificación de actas dos estudos da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Advertidos erros materiais na publicación da Instrución 1/2025 da Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, sobre elaboración, cobertura, tramitación, custodia e modificación de actas dos estudos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) publicada o 22 de febreiro de 2025, de conformidade co artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, procede realizar a seguinte subsanación:

1.- No artigo 9.8 onde di

<<8. Nas actas, ademais de reflectirse as cualificacións, poderá figurar a mención de “non presentado” no suposto de que o/a estudante non concorra ás convocatorias oficialmente establecidas para a realización de exames ou non realice ningunha das actividades previstas na programación docente da materia.>>

Debe dicir

<<8. Nas actas, ademais de reflectirse as cualificacións, poderá figurar a mención de “non presentado” no suposto de que o/a estudante non concorra ás convocatorias oficialmente establecidas para a realización de exames nin realice ningunha das actividades previstas na programación docente da materia.>>

2.- Onde di <<Disposición adicional única. *Réxime de estados simplificado*>> debe dicir <<Disposición adicional primeira. *Réxime de estados simplificado*>>

3.- Onde di <<Disposición transitoria cuarta. *Publicación de cualificacións provisionarias*>> debe dicir <<Disposición adicional segunda. *Publicación de cualificacións provisionarias*>>

A Secretaria Xeral

Dulce M^a García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14/03/2025 14:07:52.

CSV: AF97-A959-4325-9BED